



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 24 de febreiro de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 17 de febreiro de 2021.
2. Dáse conta da autorización do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra para a ocupación e/ou utilización dos terreos e bens de dominio público marítimo-terrestre mediante as instalacións e/ou actividades descritas no Plan de Explotación de Servizos de Tempada para os anos 2021-24.
3. Acórdase o inicio do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da obra *“Adaptación da planta primeira para Centro de Día na Casa do Mar, rúa Ezequiel Massoni”*.
4. Apróbase o proxecto técnico denominado *“Adaptación da planta primeira para Centro de Día na Casa do Mar de Marín”*, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 248.300,64 euros (300.443,77 euros, IVE incluído).
5. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións por concorrencia non competitiva para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2021.
6. Dáse conta da modificación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021), relativa ás medidas destinadas ó financiamento dos gastos derivados da liña de axudas para os sectores máis afectados pola situación pandémica, da Deputación de Pontevedra.
7. Dáse conta da concesión de subvención por reinvestimento de baixa ao Concello de Marín, por importe de 69.352,80 euros, con destino ó investimento *“Construción dun columbario e oito panteóns no cemiterio municipal da Raña”*, no marco do Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2019.
8. Dáse conta da concesión de subvención por reinvestimento de baixa ao Concello de Marín, por importe de 73.763,98 euros, con destino ó investimento *“Mellora e renovación do alumeadado público exterior no Lugar de Castro”*, no marco do Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2019.
9. Concédese licenza de obras para realizar un anexo de 9,34 m2 (local + porche) á planta baixa pola parte oeste da vivenda, no lugar de Esperela 12.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta das bases reguladoras de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - [www.marin.es](http://www.marin.es)

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007212500T5P1E0Q3S4Q2 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20210467237</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/02/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/02/2021 18:19:00	Fecha: 24/02/2021 Hora: 18:18





2. Solicítase subvención á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ao abeiro da Orde de data 30 de decembro de 2020, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, aceptando expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma, con destino ó proxecto denominado “Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeadado público exterior da Finca de Briz”, por importe total de 19.714,13 €.
3. Concédese licenza de obras maiores para o acondicionamento interior con cambio de uso de trasteiro a vivenda na rúa da Ponte nº 29, segundo I.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007212500T5P1E0Q3S4Q2 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20210467237</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/02/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/02/2021 18:19:00	Fecha: 24/02/2021 Hora: 18:18

